

PLAN DE CONTINXENCIA

CEIP SAN XOÁN BAUTISTA

Versión 2 (11/11/2020)

O Plan de Continxencia do CEIP San Xoán Bautista ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento pordiagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar ao alumnado.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS

CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA OCURSO 2020-2021
relativas ao ensino a distancia.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. A actividade lectiva non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través de Webex, e-dixgal e da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña á disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Manterase un contacto permanente co alumnado e as súas familias a través dos medios corporativos (correo electrónico, abalarMóbil, webex...). De non poder usar estes medios utilizarase tamén a chamada telefónica.

b) As tarefas de cada grupo serán subidas semanalmente á aula virtual do centro. Cada mestre/a programará as actividades a realizar polo alumnado, tanto as propias da titoría como as das especialidades. O alumnado entregará tamén as tarefas a través da aula virtual preferentemente.

c) Cada semana realizarase unha reunión virtual de todo o claustro para coordinar a actividade docente.

d) Xestión do alumnado que carece de medios para poder seguir o ensino non presencial.

e) Faranse titorías coas familias de forma telemática e o profesorado manterá contacto co alumnado para dar explicacións ou aclarar dúbidas.

Traballárase co alumnado o manexo da aula virtual e videoconferencias durante o ensino presencial.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos.
- Organización da reincorporación do alumnado e profesorado.

2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 50%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-C.V-2.
- Levar a cabo dinámicas para a reincorporación dos grupos.
- Combinar o ensino presencial e a distancia.

3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 75%. Nesta fase o alumnado continuará formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.
- Resolver dúbidas do traballo realizado na aula virtual.

4. Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100%.

Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Avaliación e revisión dos contidos adquiridos de forma telemática.
- Retomar o desenvolvemento da programación didáctica volvendo á dinámica das clases presenciais.

PLAN DE ENSINO VIRTUAL ANTE A COVID-19

1. HORARIO ESPELLO

En caso de peche da aula de referencia do nivel educativo manteremos o horario habitual do curso 2020 – 2021.

En caso de peche total do centro educativo, a actividade non presencial desenvolverase nos seguintes horarios, adicando o 60% a docencia virtual para explicacións, aclaración de dúbidas ou corrección de actividades e o 40% para que o alumnado realice as tarefas propostas:

ED. INFANTIL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10-10:50	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO
10:50-	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO
11:40					
11:40-	GLOBALIZADO	PELO	GLOBALIZADO	RELIXIÓN/ AT. EDUCATIVA	GLOBALIZADO
12:30					
DESCANSO					
12:45-	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	INGLÉS	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO
13:30					
13:30-	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	GLOBALIZADO	INGLÉS	GLOBALIZADO
14:15					

1º- 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10-	L. CASTELÁ	INGLÉS	INGLÉS	MATEMÁTICA	MATEMÁTICAS
10:50				S	
10:50-	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	C. NATURAIS	L. GALEGA
11:40					
11:40-	MATEMÁTICAS	ED. FÍSICA	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	E.FÍSICA
12:30					
DESCANSO					
12:45-	L. GALEGA	L. GALEGA	L. GALEGA	RELIXIÓN/ VALORES	C. SOCIAIS
13:30					
13:30-	C. SOCIAIS	MÚSICA	PLÁSTICA	REL./VAL. 2º	C. NATURAIS
14:15				C.SOCIAIS 1º	

3º - 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10-	MATEMÁTICAS	C. SOCIAIS 3º	MATEMÁTICAS	RELIXIÓN/VALORES	MATEMÁTICAS
10:50		L. CONF. 4º			
10:50-	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	INGLÉS	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ
11:40					
11:40-	L. GALEGA	INGLÉS	L. GALEGA	PLÁSTICA	INGLÉS
12:30					
DESCANSO					
12:45-	C. SOCIAIS	C. NATURAIS	C. SOCIAIS	ED. FÍSICA	L. GALEGA
13:30					
13:30-	L. CASTELÁ	C. NATURAIS	MÚSICA	ED. FÍSICA	L. GALEGA
14:15					

5º - 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10-	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	INGLÉS	INGLÉS
10:50					
10:50-	MATEMÁTICAS	L. GALEGA	SOCIAIS	RELIXIÓN/VALORES	PLÁSTICA
11:40					
11:40-	C. SOCIAIS	C. NATURAIS	INGLÉS	MATEMÁTICAS	MÚSICA
12:30					
DESCANSO					
12:45-	L. GALEGA	ED. FÍSICA	NATURAIS	L. CASTELÁ	L. GALEGA
13:30					
13:30-	L. CASTELÁ 5º	ED. FÍSICA	L. CASTELÁ	L. CASTELÁ	SOCIAIS 6º
14:15	L. CONFIG. 6º				L. GALEG. 5º

- Hora de tutoría para familias: Mantérase a mesma, Martes de 17:30 a 18:30 h.

2. INSTRUCCIÓN A SEGUIR

- O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.

- O mesmo día do peche:

a. a dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.

b. o profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumnado menor de idade, a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual.

- A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

- Garantizarase o plan de atención a diversidade levando a cabo a adaptación das intervencións e dos recursos organizativos e didácticos ao contexto da situación educativo en caso de confinamento a coordinación co departamento de orientación será viable a través dos distintos canles proporcionados pola Xunta de Galicia: Correo electrónico, Webex, páxina web do centro entre outros, no horario que o centro estableza no seu "Horario espello" establecendo e elaborando as diferentes actuacións e orientacións que sexan necesarios.

O traballo de PT e AL será levado a cabo no mesmo horario espello caos titores e titoras na que imparten apoio. Para eso entablarase unha coordinación entre titor-profesor especialista para axustar o proceso de ensinanza-aprendizaxe, dándolle apoio directo os alumnos/as ou de maneira indirecta a través de distintos materiais de apoio e outros recursos necesarios.

- INFANTIL: Diariamente conectareime en streaming co meu alumnado vía webex; atendendo ás posibilidades de cada un deles e a das súas familias; nestas conexións realizaremos actividades manipulativas propostas pola miña figura como titora do grupo-clase así como momentos de conversa e contacontos entre outras actividades que poidan xurdir.

Así mesmo, poderán realizarse actividades impresas por medio da plataforma da Aula Virtual dado o caso.

- Na aula de 1º- 2º e 3º- 4º usaremos como ferramenta principal a aula virtual do centro, que funcionará como espiña dorsal do traballo de aula, indicando as aprendizaxes que traballaremos en cada momento, así coma os recursos que usaremos para cada actividade.

Será ademais o medio de comunicación co alumnado (no caso dos máis pequenos coas súas familias) para resolver dúbidas de carácter individual ou concertar titorías. Para avisos ou mensaxes de carácter máis formal, usaremos abalarMóbil.

Ademais da aula virtual, usaremos a plataforma Snappet nas áreas de Matemáticas e Linguas. Aínda que non poden dispoñer das tablets individuais que permanecerán no colexio, si poden usar esta plataforma de ensino entrando dende calquera outro dispositivo electrónico co seu usuario e contrasinal.

- En 5º e 6º usaremos E-dixgal e a aula virtual.

Ademais disto, usaremos a aplicación Cisco Webex, en toda a Ed. Primaria para as videoconferencias e titorías.

Nos primeiros niveis, sobre todo no primeiro curso, é imprescindible a atención individualizada aos alumnos, principalmente no inicio da lectoescritura.

Dependendo sempre das necesidades e da programación de aula, así coma das instrucións vixentes nese momento, faremos uso das videoconferencias para explicacións, lecturas ou explicacións individuais.... así coma explicacións para todo o grupo. A continuación, dentro da mesma sesión, faremos tarefas que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Ademais destes recursos, o alumnado poderá contar no seu domicilio cos libros de texto cos que traballamos habitualmente no centro.

3. DISTRIBUCIÓN DOS MEDIOS INFORMÁTICOS

A administración educativa garantizará o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:

- O equipo directivo proporcionará os recursos tecnolóxicos dos que dispoña o centro.
- Unha vez atendidas as necesidades iniciais a dirección do centro trasladará con carácter de urxencia por correo electrónico á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.
- Unha vez recibidos os equipos o centro educativo organizará a entrega ás familias e posterior recollida.

Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II e que se atopa dispoñible no portal educativo. Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche as direccións dos centros educativos recadarán de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias que puideran precisar este equipamento. Chegado o eventual peche darán traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción do equipamento correspondente.

- Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no prazo máximo de 3 días recompilará todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA

- Organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias.

4. MECANISMOS DE AVALIACIÓN E CONTROL

CONTROL DE ASISTENCIA

- Todo o profesorado establecerá un horario concretando as horas de docencia directa e outros momentos de conexión co alumnado, determinado no seu momento e que será comunicado ás familias.

- Levarase un control de asistencia idéntico ao que se leva nas clases presenciais .No caso de que algún neno/a non se conecte co resto da clase no momento da videoconferencia deberá (a familia) dar as explicacións pertinentes indicando sempre o motivo .
- Posto que diariamente usaremos a aula virtual e e-dixgal para organizar todas as actividades que se levarán a cabo, serán estes medios o que usaremos para controlar as faltas de asistencia. Na páxina da aula virtual temos acceso ás conexións do noso alumnado, que rexistraremos debidamente. Noutras aplicacións empregadas como Snappet tamén queda rexistrado o traballo do alumnado.
- No caso de teren faltas de asistencia ou puntualidade deberán ser debidamente xustificadas polas familias xa que ,de non ser así. poremos en marcha o protocolo de absentismo escolar.

AVALIACIÓN

- No caso de ensino non presencial, seguiremos traballando os obxectivos e estándares previstos na programación didáctica. Os criterios de cualificación específicos para esta modalidade, refírense tanto á avaliación das tarefas que se realicen coma do esforzo, a participación ou o cumprimento dos prazos de entrega.
- Terase en conta todos os aspectos que son avaliáveis , faremos uso de todos os instrumentos que estén ao noso alcance: realización de tarefas, observación dos traballos entregados tendo en conta a orde, claridade e puntualidade das entregas, interese amosado, etc.
- INFANTIL: As principais técnicas de avaliación que terei en consideración serán as recollidas para a Educación Infantil na Orden do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na comunidade autónoma de Galicia ; sendo a observación directa e sistemática (nas conexións vía webex) ; a avaliación das producións realizadas polos escolares que me farán achega a través da plataforma de Aula Virtual e a información achegada a través das familias mediante abalarMóbil e as titorías.

5. FORMACIÓN E INFORMACIÓN

- O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo experimentará no centro co alumnado o uso dos medios de comunicación telemática, así como a aula virtual, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia

- O/a titor/a de cada grupo de alumnado proporcionarlle información aos pais/nais ou representantes legais sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así como da aula virtual, para poder axudar ao alumnado no caso de ter que desenvolverse un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia. A información aos pais/nais ou representantes legais realizarase polo procedemento que se estime máis efectivo e preferentemente de xeito telemático. A información sobre os distintos servizos educativos dixitais está dispoñible no seguinte enderezo <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>

- Na aula virtual xa están colgadas as instrucións de acceso para o alumnado. Así como para subir tarefas.

Este Plan de Continxencia será de aplicación con carácter subsidiario en situacións análogas tales coma confinamentos parciais de parte do alumnado ou profesorado do centro.

Non obstante o anterior, o plan será obxecto de revisión e adaptación continua atendendo á evolución da pandemia, co fin de garantir a súa adecuación ás obrigas ou recomendacións sanitarias existentes en cada momento.

Será publicado na páxina web do centro para garantir a súa difusión.